

Kohei Saito Marx in the Anthropocene.

Towards the Idea of Degrowth Communism.

1. Vocabulario:

Rift: Falla, grieta, fisura, fendedura, escisión, separación, ruptura.

Metabolic rift: Brecha ecológica, fenda ecolóxica: “A theory of ecological crisis tendencies under the capitalist mode of production that sociologist John Bellamy Foster ascribes to Karl Marx”. Definición de Wikipedia.

Degrowth: Decrecemento. “A policy of reducing levels of production and consumption within an economy in order to conserve natural resources and minimize environmental damage.” Definición de Oxford Languages.

Commodity: Mercancía, mercadoría.

Profit: Beneficio, ganancia.

2. Transcripción vídeo [non literal]:

- Francis Fukuyama: “*O final da Historia* refírese á cuestión de si, finalmente, a evolución culminará nun certo tipo de civilización que, en certo sentido, será a última civilización que a humanidade poderá alcanzar, porque, en certo sentido, é a correcta, a que se adecúa de maneira apropiada á natureza humana”.

(0:25-0:44)

- Kohei Saito: “O triunfo da globalización neoliberal acelerou o rápido incremento dos impactos ambientais sobre a terra debido á actividade humana.

A denominada *Gran Aceleración*, a época na que todas as principais tendencias socio-económicas e do sistema Terra rexistran un patrón de incremento... e finalmente, desestabilizan os fundamentos da civilización humana. Pandemia, guerra e colapso climático son síntomas do *final da Historia*, colocando a democracia, o capitalismo e os sistemas ecolóxicos nunha crise crónica”.

(1:00-1:40)

- “Moita xente le *O Capital* como un libro que proba a explotación da clase obreira e que demostra a inevitabilidade-necesidade da crise e da revolución. Isto soa de xeito moi determinista: o capitalismo estaría determinado a colapsar, algún día, debido á revolución”.

(2:00-2:30)

- “A miña interpretación é totalmente diferente, eu defendo que *O Capital* debe ser leído como un libro sobre o metabolismo entre o ser humano e a natureza. Marx analiza como os seres humanos interactúan coa natureza por medio do traballo. Os humanos actúan sobre a natureza e usan diferentes tipos de recursos e enerxía; e consúmnenos e despois producen residuos e así sucesivamente. Sen interactuar coa natureza, os seres humanos non poderían sobrevivir”.

(2:30-3:30)

- “Nas sociedades precapitalistas, os seres humanos producen basicamente coa finalidade de satisfacer as súas necesidades concretas. Pero no capitalismo é totalmente diferente: o capitalismo está dominado fundamentalmente polo movemento abstracto de diñeiro-mercadoría-diñeiro. Este proceso de incremento-acumulación do capital é infinito, interminable. Marx dí que, ao final, o capitalismo acaba xerando unha escisión-fenda irreparable no metabolismo entre o home e a natureza”.

(4:20-5:50)

- “O capitalismo tende a acelerarse, quere investir e despois de producir a mercancía, quere vendela o máis rapidamente posible, de xeito que poida reinvestir. E isto pode acelerarse moitas veces, especialmente coa introducción de novas infraestructuras e nova maquinaria. O metabolismo social expándese máis e máis, faise máis rápido, usa máis enerxía e recursos; pero o metabolismo natural, o proceso de recuperación dos recursos primarios, precisa tempo. Non pode facerse o dobre ou triple de rápido, como ocorre no ciclo capitalista”.

(6:35-7:15)

- “Cando ollamos atrás na historia, o capitalismo semella ser moi flexible, que sempre introduciu constantes innovacións. Pero, estes cambios presupoñen sempre a existencia dunha *externalización*. O desenvolvemento do capitalismo occidental depende fundamentalmente dun intercambio desigual de recursos, enerxía e traballo humano co Sur global. Trátase de *externalizar* os custos reais, cara outro lugar, cara outras persoas”.

(8:52-9:33)

- “O capital[ismo] é a lóxica da acumulación infinita, pero o noso planeta é finito. Un crecemento infinito nun planeta finito é imposible. O quencemento global e a crise climática son unha manifestación da ruptura metabólica no mundo actual. Alcanzamos os límites; os límites humanos, os límites biofísicos do sistema Terra. Podemos aprender aínda moito de Marx, con vistas a concebir un futuro sostible máis alá do capitalismo. Marx estaba moi preocupado pola crise ecolóxica. Ademais, volveuse máis comprensivo coa idea de decrecemento. Xustamente, decrecer é o que necesitamos hoxe en día. Tradicionalmente, Marx foi leído frecuentemente como un pensador que demostrou a inevitabilidade do colapso do capitalismo, pero eu defendo que Marx abandonou totalmente esta idea dun progreso histórico baseado nas innovacións tecnolóxicas. Se non escollemos conscientemente o establecemento dunha nova sociedade, o capitalismo seguirá dominando, e incluso seguirá dominando ate destruír o planeta enteiro”.

(9:13-11:13)